

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

19395 *Corrección de erros do Real decreto 1676/2011, do 18 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, e se regula o estatuto concesional da rede de expendedoras de tabaco e timbre.*

Advertidos erros no Real decreto 1676/2011, do 18 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, e se regula o estatuto concesional da rede de expendedoras de tabaco e timbre, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 288, do 30 de novembro de 2011, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1 debe engadirse ao comezo do preámbulo o seguinte primeiro parágrafo, omitido na publicación do 30 de novembro de 2011: «A Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, desenvolve polo Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, que agora se modifica, ten entre os seus obxectivos promover, a través da regulación que se efectúa das condicións de actuación no mercado retalista, a protección dos principios de carácter sanitario previstos no ordenamento xurídico».

Na páxina 1, liña oito, onde di: «, na cal separa o consumo da venda destes produtos, e prevé, así mesmo, a posibilidade da venda manual de cigarros e xarutiños provistos de capa natural en todos os locais autorizados para a venda con recarga », debe dicir: «. Separa o consumo da venda dos ditos produtos e prevé a posibilidade da venda manual de cigarros e xarutiños provistos de capa natural en todos os locais autorizados para a venda con recarga en paralelo á venda a través de máquina expendedora».

Na páxina 1, liña dezasete, onde di: «en tres puntos específicos», debe dicir: «en tres preceptos específicos».

Na páxina 2, artigo 25.dous, debe engadirse un último parágrafo, omitido na publicación do 30 de novembro de 2011: «Excepcionalmente, poderase realizar de forma exclusivamente manual a venda de cigarros e xarutiños provistos de capa natural, mesmo sen o facer de forma paralela á venda por máquinas expendedoras, en bares e restaurantes e demais establecementos de restauración pechados».

Na páxina 2, liña 41, artigo 37.sete, onde di: «A venda e a subministración a través de máquinas expendedoras realizarase de acordo coas seguintes condicións:», debe dicir «1. A venda e a subministración a través de máquinas expendedoras realizarase de acordo coas seguintes condicións:».

Na páxina 2, liña 43, artigo 37.sete, onde di: «1. Uso: prohíbeselles aos menores de dezoito anos o uso de máquinas expendedoras de produtos do tabaco», debe dicir: «Uso: prohíbese aos menores de dezoito anos o uso de máquinas expendedoras de produtos do tabaco»

Na páxina 2, liña 45, artigo 37.sete, onde di: «2. Localización: as máquinas expendedoras de produtos do tabaco só se poderán instalar, sempre baixo vixilancia directa e permanente, en:», debe dicir: «Localización: as máquinas expendedoras de produtos do tabaco só se poderán instalar, sempre baixo vixilancia directa e permanente, en:».

Na páxina 3, liña 12, artigo 37.sete, onde di: «3. Paralelamente permitírase a venda manual nos establecementos autorizados respecto dos cigarros e xarutiños de capa natural», debe dicir:

«2. Paralelamente permitírase a venda manual nos establecementos autorizados respecto dos cigarros e xarutiños de capa natural.

3. Excepcionalmente, poderase realizar de forma exclusivamente manual a venda de cigarros e xarutiños provistos de capa natural, mesmo sen o facer de forma paralela á venda por máquinas expendedoras, en bares e restaurantes e demais establecementos de restauración pechados.»

Na páxina 3 debe suprimirse a disposición transitoria única.

Na páxina 3 debe engadirse a seguinte disposición derradeira primeira:

«Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.14.^a da Constitución, polo cal lle corresponde ao Estado a competencia exclusiva sobre «facenda xeral».»

Na páxina 3, liña 19, onde di: «Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*», debe dicir: «Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*».